

NATURAIS 3º

Boas,

Estes días imos facer un repaso da unidade que estivemos traballando no caderno. Non te preocupes porque será algo sinxelo que estou segura que farás estupendamente.

INSTRUCCIÓNS:

- Os exercicios escríbanse no caderno.
- Recorda engadir o punto vermello antes dos enunciados e que estes deberán escribirse co boli azul. Responderanse a lapis.

1. Son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións? Corrixe as que sexan falsas:

- Dous exemplos de plantas son unha margarita e unha figueira.
- Os mamíferos teñen plumas.
- A diferenza entre os seres vivos e inertes e que estes últimos poden facer as funcións vitais.
- Segundo o tipo de alimentación, os seres vivos poden ser mamíferos, omnívoros, carnívoros e ovíparos.
- Os anfibios teñen a pel chea de plumas.

2. Pensa en un exemplar de cada tipo de artrópodo. Debúxao e escribe as súas características nun pequeno texto.